

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Emenda bases 5 prazas administrativo/a*

#### **ANUNCIO: EMENDA BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DE 5 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A CORRESPONDENTES OEP 2021 E 2022 POR OPOSICIÓN LIBRE**

Téndose aprobado por Decretos nº 1044/2024 de 18 de abril de 2024 e nº 1098/2024 de 23 de abril de 2024 Emenda das bases reguladoras do proceso selectivo para cobertura en propiedade, de cinco prazas do posto de Administrativo/a, persoal funcionario de carreira, do Concello de Arteixo, polo procedemento de oposición libre (catro prazas por quenda libre e unha praza por quenda restrinxida ao colectivo con diversidade funcional) correspondentes á OEP 2021 e OEP 2022 do Concello de Arteixo, aprobadas por Decreto nº 746/2024 de data 19/03/2024 e publicadas no BOP de A Coruña nº 64 de 02/04/2024, procédese á publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

**PRIMEIRO.-** Proceder a emenda da redacción da Base Primeira, **onde di:**

“Das 5 prazas convocadas en propiedade, 4 corresponden á quenda libre e 1 á quenda restrinxida ao colectivo con diversidade funcional (certificado oficial do 33% ou superior de grao de minusvalía/discapacidade).”

**Debe dicir:**

Das 5 prazas convocadas en propiedade, 4 corresponden á quenda libre e 1 á quenda restrinxida ao colectivo con diversidade funcional (certificado oficial do 33% ou superior de grao de minusvalía/discapacidade).

Aos efectos das presentes bases reguladoras calquera referencia ao este colectivo de diversidade funcional/discapacidade realizarase incluíndo no mesmo a todas as persoas aspirantes con pensión de incapacidade laboral permanente en grao de absoluta, total ou gran invalidez ou pensionistas de clases pasivas segundo o establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de Emprego 3/2023, de 28 de febreiro, aportando aos efectos oportunos de asimilación, a acreditación documental oficial de tal condición de pensionista por estas causas.”

**SEGUNDO.-** Proceder a emenda da redacción da Base Segunda f), **onde di:**

“f. QUENDA RESTRINXIDA: para participar na quenda restrinxida ao colectivo con diversidade funcional/discapacidade, as persoas aspirantes deberán acreditar un grao de discapacidade/minusvalía do 33% ou superior e indicar expresamente esta opción na súa solicitude”

**Debe dicir:**

f. QUENDA RESTRINXIDA: para participar na quenda restrinxida ao colectivo con diversidade funcional/discapacidade, as persoas aspirantes deberán acreditar un grao de discapacidade/minusvalía do 33% ou superior ou acreditación oficial da condición de pensionista por incapacidade laboral permanente de conformidade ao establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de Emprego 3/2023 de 28 de febreiro e indicar expresamente esta opción na súa solicitude“

**TERCEIRA.-** Proceder a emenda da redacción da Base Terceira.5, **onde di:**

“5) Quenda restrinxida: as persoas aspirantes que opten á praza reservada á quenda restrinxida a colectivo de diversidade funcional/discapacidade, deberán aportar o certificado oficial de posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%”

**Debe dicir:**

“5) Quenda restrinxida: as persoas aspirantes que opten á praza reservada á quenda restrinxida a colectivo de diversidade funcional/discapacidade, deberán aportar o certificado oficial de posuír un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% ou acreditación oficial da condición de pensionista por incapacidade laboral permanente de conformidade ao establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de Emprego 3/2023, de 28 de febreiro“

E na mesma Base Terceira, **onde di:**

“Quedarán exentos/as do pagamento da taxa de dereitos de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten diversidade funcional/discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instan-

cia o certificado de minusvalía superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar actualmente en situación de desemprego dende hai 1 ano ou máis tempo)”

**Debe dicir:**

“Quedarán exentos/as do pagamento da taxa de dereitos de exame, aqueles/as aspirantes que acrediten diversidade funcional/ discapacidade e/ou situación de desemprego de longa duración (a tal efecto deberá aportarse xunto coa instancia o certificado de minusvalía igual ou superior ao 33% ou certificado do SEPE de estar actualmente en situación de desemprego dende hai 1 ano ou máis tempo ou acreditación oficial da condición de pensionista por incapacidade laboral permanente de conformidade ao establecido pola Disposición Final Segunda da Lei de Emprego 3/2023, de 28 de febreiro)”

**CUARDO.-** Proceder a emenda do enunciado do tema 17 do temario anexo á convocatoria e bases reguladoras (Anexo I), onde di:

“17. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público Título IV”

**Debe dicir:**

“17. Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Preámbulo e disposicións adicionais, transitorias e finais”

Igualmente procede emenda do enunciado dos temas 19, 20 e 21, referidos á Lei de Bases de Réxime Local, xa que figura “Título Preliminar” sendo o correcto “Preámbulo” e no tema 20 o Título II, referido á provincia é o Título III, polo que onde di:

“19. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar, Título I e Título II. Disposicións xerais. O municipio

20. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar e Título II, Título IV e Título V. A provincia. Outras entidades locais. Disposicións comúns

21 Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título Preliminar e Título VI, Título VII e Título VIII. Bens, Persoal e Facendas Locais”

**Debe dicir:**

“19. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Preámbulo, Título I e Título II. Disposicións xerais. O municipio.

20. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título III, Título IV e Título V. A provincia. Outras entidades locais. Disposicións comúns

21. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local: Título VI, Título VII e Título VIII. Bens, Persoal e Facendas Locais”

Arteixo, 22 de abril de 2024

Asina: Carlos Calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

2024/2884